



DECLARACIÓN A PROL DUN DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE E XUSTO DA ENERXÍA EÓLICA NOS TERRITORIOS RURAIS

JOSÉ ANTONIO PEREIRA GIL, alcalde do Concello de A Baña
JUAN JOSÉ BLANCO RIVEIRO, alcalde do Concello de Mazaricos
MANUEL ÁNGEL LEIS MINGUEZ, alcalde do Concello de Negreira
MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ, alcalde do Concello de Outes e
DAVID BARBEIRA GARCÍA, alcalde do Concello de Santa Comba

MANIFESTAMOS:

- 1º) Que existe entre a cidadanía dos nosos concellos unha fonda preocupación polo elevado número de proxectos de parques eólicos previstos nos nosos territorios.
- 2º) Esta preocupación ten unha vertente relacionada co impacto medioambiental dos parques proxectados, varios deles nas proximidades de núcleos habitados e que ademais se veñen a sumar aos xa existentes. Neste sentido é de especial preocupación a escasa distancia mínima aos núcleos de poboación que establece a lexislación (500 metros), así como a fragmentación en diversos proxectos de parques que, en realidade, amosan unha continuidade e que comparten infraestruturas polo que deberían ser considerados un único parque.
- 3º) Por outra banda, dende a perspectiva económica, a lexislación actual non posibilita que a poboación rural se beneficie dunha maneira xusta da presenza desta industria nos seus territorios. Ao contrario do que acontece noutros países, non existen mecanismos que compensen a asimetría existente no poder de negociación entre promotores eólicos e veciñanza, sobrevoando nas negociacións a ameaza de expropiación pola declaración de interese público por parte da propia administración. É particularmente preocupante que só os propietarios dos terreos directamente afectados reciban algún tipo de compensación, en calquera caso insuficiente, mentres que o resto de veciños que soportan os custes ambientais non teñen ningún beneficio económico directo. Nese sentido, a compensación que recibimos os concellos polo Fondo de Compensación Ambiental, derivado do canon eólico, é totalmente insuficiente.
- 4º) A percepción maioritaria é que as poboacións rurais estamos a soportar en exclusiva os custos ambientais da produción de enerxía eólica, mentres que os beneficios que permanecen no territorio son mínimos.

Neste sentido **SOLICITAMOS** que:

1. Se proceda a MODIFICAR o actual marco normativo referido ao sector eólico en Galicia, para que atenda aos intereses da poboación do rural. A enerxía eólica debe ser e pode ser fomentada sen atentar contra os intereses ambientais e socioeconómicos da contorna onde se produce, só desesa maneira pode pasar de ser unha ameaza a ser unha oportunidade para o noso rural.
2. En consecuencia, se proceda a PARALIZAR os actuais proxectos ata que dende as instancias pertinentes, en particular no Parlamento de Galicia, non se aprobe un marco normativo máis xusto e sustentable para os territorios rurais.

Outes, 10 de Outubro de 2020.